

# ACORDO DOS SINDICATOS CIG, UGT E CCOO DE SUSPENSIÓN DOS PROCESOS DE ELECCIÓN SINDICAIS DURANTE A EMERXENCIA SANITARIA COMO CONSECUENCIA DO COVID-19

Susana Méndez Rodríguez, en representación da CIG

José Luis Fernández Celis, en representación da UGT

Mabel Pérez Simal, en representación das CCOO

ACORDAN:

1º- A suspensión temporal de todos os procesos de eleccións sindicais, dende o 16 de marzo 2020 no ámbito territorial de Galicia.

2º- O acordo manterase en vigor mentres dure a situación de emerxencia sanitaria que se vive en Galicia, e calquera das partes poderá propoñer o reinicio dos procesos electorais. Acordo que se tomará por unanimidade das partes asinantes.

3º- As condicións da presente suspensión serán as seguintes:

- Os sindicatos acordan non rexistrar novos preavisos, así como, deixar decaer aqueles que se teñan rexistrado a data de hoxe.
- Os procesos electorais que a día de hoxe están en marcha quedan suspendidos con efectos da data na que se subscribe este acordo, e retomaranse no mesmo punto no que se produce a suspensión.
- De acordo co artigo 67.3 do Estatuto dos Traballadores, os delegados e delegadas de persoal e membros dos Comités de Empresa manteranse en función no exercicio das súas competencias e das súas garantías ata que se promovan ou se celebren novas eleccións.
- Os procesos arbitrais que a día de hoxe están en marcha quedan suspendidos.
- Durante esta situación de suspensión, as comunicacións sobre impugnacións poderán realizarse a través do correo electrónico, remitíndoas a dirección de correo das Oficinas Públicas de Rexistro provincias que corresponda.
- En canto á representatividade, terase en conta o último dato oficial comunicado pola Administración Autonómica.
- Unicamente no caso das incidencias que impliquen que un/unha ou varios/as dos/as representantes legais dos e das traballadoras cesan por motivos legalmente previstos, admitirase a incidencia para a súa substitución pola seguinte persoa que corresponda polos votos obtidos, a través do correo electrónico da OPR correspondente.
- A Administración enviará unha comunicación ás empresas onde neste intre hai procesos electorais abertos.




- Con respecto a situacións non contempladas neste acordo, enviarase unha comunicación por correo electrónico aos/ás representantes das tres organización sindicais nas OPR provinciais.

4º- Durante este período de suspensión as partes asinantes comprométense a facer un seguimento puntual do Acordo e das incidencias non contempladas no mesmo.

5º- Trasladaremos este acordo a Dirección Xeral de Traballo a fin de que dite unha Resolución para a súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela 16 de marzo do 2020.

Asinan

 Susana Méndez Rodríguez CIG	 José Luis Fernández Celis UGT	 Mabel Pérez Simal CCOO
---	---	--